

XURADO NOVO

Bases do proceso de selección do **Xurado Novo da Edición O2 de Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra.**

1) A finalidade desta convocatoria é seleccionar os futuros membros do **Xurado Novo da Edición O2 de Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra**, certame que se celebrará entre os días 27 de xuño e 02 de xullo de 2017.

2) O xurado estará composto por cinco persoas que outorgarán o seguinte premio da **Sección Oficial da Edición O2 de Novos Cinemas:**

-Premio Xurado Novo á mellor longametraxe.

3) **Participantes.** Poderá participar o estudantado da Universidade de Vigo matriculado no **Campus de Pontevedra.**

4) Presentación de solicitudes e documentación

a) Cubrir a ficha de inscrición online no enderezo <http://www.novoscinemas.com>

b) Copia dixital do DNI en formato jpg ou pdf

c) Fotografía dixital en formato jpg

d) C.v. abreviado (máximo un folio)

e) Copia dixital do xustificante de pagamento da matrícula do curso 2016/2017.

f) Breve memoria -extensión máxima de 150 palabras- expoñendo as razóns polas que desexa formar parte do **Xurado Novo da Edición O2 de Novos Cinemas. Festival Internacional de Cinema de Pontevedra.**

g) Crítica -en galego ou castelán- dun filme de libre elección

1. Extensión mínima 700 palabras

2. Extensión máxima 1.200 palabras

h) Toda a documentación enviarase a info@novoscinemas.com

i) O prazo de presentación das solicitudes comezará o día 12 de abril e rematará o día 02 de maio.

5) Selección e comunicación

A organización do festival seleccionará 5 candidatos. O equipo de comunicación do festival poñerase en contacto coas persoas seleccionadas e publicará a listaxe na web do festival (<http://www.novoscinemas.com>) e na web da **Vicerreitoría do Campus de Pontevedra** (<http://campuspontevedra.uvigo.es/>).

6) Condições

- Ser membro do **Xurado Novo** implicará dispoñibilidade total durante os seis días que dura o certame (do 27 de xuño ao 02 de xullo de 2017).
- Os membros do **Xurado Novo** comprométense a visionar todas as longametraxes da **Sección Oficial** coa finalidade de emitir un veredicto suficientemente motivado na xornada de deliberación.
- A cada membro do **Xurado Novo** entregaráselle unha acreditación para acceder a todas as sesións de cinema do festival, vales de manutención, así como unha entrada para as galas de inauguración e clausura.